

Queridas familias.

Pasou a semana santa pero temos que seguir loitando contra esta pandemia desde as nosas casas. Espero que todos e todas esteades moi ben de saúde, o demais é secundario.

Aínda así, teño que falar do que nos queda por diante para acabar este curso tan “especial”. Previsiblemente teremos instrucións a finais desta semana, despois da reunión que a ministra de educación manterá cos conselleiros e conselleiras dos distintos territorios o mércores 15 de abril. Polo tanto, é mellor esperar a saber cal é a fórmula acordada para este terceiro trimestre.

En todo caso, estamos preparando o material do alumnado que está no centro e pedindo asesoramento para poder facer o reparto do mesmo respectando as medidas de prevención do contaxio. Esperamos empezar a repartir o material entre finais desta semana e principios da que vén.

Esta semana podedes continuar facendo o traballo que está na web do centro e coas propostas que se seguirán facendo por parte do profesorado para manter, na medida do posible, unha rutina que repercute favorablemente na formación do alumnado.

Respecto do traballo a realizar polo alumnado nas súas casas, somos conscientes das dificultades que pode haber a nivel particular en cada caso. Quero mandar unha mensaxe tranquilizadora para aquelas familias que, polo motivo que sexa, non poden realizar o traballo que se propón desde o centro. Convén recordar que, polo de agora, estas actividades non son avaliadas, e propoña o que propoña o ministerio de educación e a consellería, buscaremos a forma de que ningún alumno ou alumna se vexa prexudicado pola súa situación particular.

Así mesmo, dicir que estamos a vosa disposición para tratar de axudar na medida do posible.

Para contactar con nós están os correos electrónicos do profesorado na páxina web, o correo electrónico do centro: ceip.asmercedes.ourense@edu.xunta.es e o teléfono do centro: 988 68 50 30, tamén podedes enviar mensaxes de Whatsapp ou Telegram ó número: 693 606 123.

Un saúdo e saúde.
Dani.